



Ceibes no Monte IES Terra de Turonio




CEIBES NO MONTE

**MEMORIA DESCRIPTIVA
IES TERRA DE TURONIO. GONDOMAR**

" A Iberia cría muitas corsas e cabalos salvaxes"

ESTRABÓN, xeógrafo grego, século I a.de C.



ÍNDICE DO PROXECTO

1. INTRODUCCIÓN.

2. XUSTIFICACIÓN.

- 2.1. Historia.
- 2.2. Medio Natural.
- 2.3. Comunitarismo.
- 2.4. O Cabalo de Raza Galega.
- 2.5. Os Curros.
- 2.6. Os Cabalos na Literatura Galega.

3. O PROXECTO.

- 3.1. Núcleos do Traballo.
- 3.2. Ámbito e Temporalización.
- 3.3. A Exposición.
- 3.4. Implicación das Comunidades.

4. ORZAMENTO DOS TRABALLOS PROGRAMADOS.

5. DOCUMENTACIÓN ANEXA AO PROXECTO.

1. INTRODUCCIÓN

O proxecto **CEIBES NO MONTE** é un traballo interdisciplinar que pretende abordar a realidade cultural do entorno do Instituto de Ensino Secundario Terra de Turonio de Gondomar.

O patrimonio cultural vencellado a esta comarca ten unha expresión asociada ao territorio que é o eixe vertebrador do proxecto que se describe. Representa unha realidade viva e presente no ámbito das familias do alumnado.

O proxecto **CEIBES NO MONTE** aborda o patrimonio cultural dunha comarca galega como é o Val Miñor, nos seus aspectos históricos, antropolóxicos, culturais, sociais e artísticos.

Este patrimonio cultural ten a súa xénese nun marco xeográfico de referencia que conformou unha particular forma de ocupar o territorio dando lugar a unha das manifestacións máis enraizadas na tradición dos habitantes do Val Miñor, a gandería cabalar en liberdade nos seu montes.

No caso do Instituto Terra de Turonio de Gondomar, ao tratarse do único centro que recolle ao alumnado de todas as parroquias – agás a vila- , conta con unha comunidade educativa que convive a diario con este modo de vida e que no caso de moitas familias constitúe unha tradición que se mantén con verdadeira paixón.

2. XUSTIFICACIÓN

2.1. HISTORIA

A importancia que o mundo dos cabalos en liberdade ten no territorio da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal está testemuñado desde a prehistoria en diversas zonas. Os petroglifos e a simboloxía asociada a estes animais están presentes en varios soportes e en diferentes etapas históricas. O exemplo máis antigo está na Serra da Groba nun petroglifo que “representa carros arrastrados levando materiais procedentes das Casitérides” (Halhay).

Realizar unha contextualización histórica da presenza dos cabalos en liberdade no noso territorio buscando en diversas fontes documentais será un dos obxectivos a conseguir coa realización deste proxecto.

2.2. MEDIO NATURAL

Unha particular gandería en liberdade que tamén se mantivo inalterada no seu aspecto comunitario en estreita relación co medio natural. Neste sentido, a identidade deste territorio obxecto de estudo está estreitamente conformada pola presenza dos cabalos nas serras da comarca.

O estudo e posterior descrición do medio natural onde esta gandería extensiva acadou un desenvolvemento tan notábel será outro dos eixos vertebradores do conxunto do traballo a realizar.

2.3. COMUNITARISMO

O monte comunal, unha propiedade de orixe xermánica, reforzou a permanencia e a presenza destas greas nos nosos montes. Unha propiedade que constitúe un exemplo de cooperativismo vixente nas parroquias e que permite, non só a existencia da gandería cabalar, senón tamén doutro tipo, como o bovino, caprino ou vacún. O estudo e investigación das comunidades de montes, que na comarca contribúen á desenvolvemento sostíbel destes animais, será outro dos obxectivos deste traballo.

O contacto coa Mancomunidade de Montes en Man Común do Val Miñor, que agrupa ás comunidades de montes de Baiona, Nigrán e Gondomar, está facilitado neste proxecto pola participación de familias do alumnado do centro na directiva da Mancomunidade e nas respectivas xuntas directivas de varias comunidades que a integran. Trátase neste ámbito de mostrar esa peculiaridade do noroeste peninsular onde se mantivo este tipo de propiedade comunitaria e que ao mesmo tempo favoreceu a preservación dunha gandería en liberdade.

2.4. O CABALO DE RAZA GALEGA

A contribución desta actividade á economía de subsistencia das poboacións asentadas nesta comarca será tamén outra das accións que se describirán no presente traballo. Un plan de recuperación do Cabalo de Pura Raza Galega está a desenvolverse nunha parte da nosa comarca. Un potencial que se está a valorizar para fixar as poboacións no ámbito rural para contribuír ao desenvolvemento sostíbel.

A realidade desta actividade de mantemento da cría de cabalos en réxime de liberdade ten pasado por varias fases en relación co papel atribuído ao seu desenvolvemento. Neste sentido, este proxecto centrará a súa exposición nos traballos de recuperación do cabalo de raza galega que se están a realizar na Serra da Groba. Ao mesmo tempo non deixaremos de abordar as ameazas ás que esta actividade está a ser sometida nos últimos anos, desde as secas extremas e a ausencia de vexetación, os incendios ou os recentes proxectos de parques eólicos como o previsto na Serra da Groba.

2.5. OS CURROS

Unha das manifestacións máis características do patrimonio etnográfico son os curros, ou rapa das bestas. Curros que teñen na comarca un importante impacto social e mesmo un interese turístico de primeira orde.

Na exposición centrarase a atención nos curros da comarca que constitúen un conxunto de citas e referentes para toda a poboación. Son:

- **O curro de A Valga:** segundo domingo de maio. Tamén o curro das moscas o primeiro domingo de agosto
- **O curro da Serra do Galiñeiro:** segundo domingo de xullo.
- **O curro de Morgadáns:**terceiro domingo de xuño. Tamén o curro das moscas o cuarto domingo de agosto
- **O curro de Mougás:** segundo domingo de xuño. Tamén o curro das moscas o terceiro domingo de agosto.
- **O curro de San Cibrán:** cuarto domingo de xuño. Tamén o curro das moscas o primeiro domingo de setembro.
- **O curro de Torroña:** primeiro domingo de xuño. Tamén o curro das moscas o segundo domingo de agosto.

2.6. OS CABALOS NA LITERATURA GALEGA

Unha parte do traballo abordará diversas mostras literarias da literatura galega sobre a figura dos cabalos nos montes. No noso ámbito, destacamos a particular querencia mostrada polo escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, quen ten dedicado a esta temática diversos artigos e textos directamente relacionados cos cabalos ceibes e tamén cos curros do Val Miñor. Por este motivo, ademais dunha escolma de textos doutros autores, contéplase presenza e a intervención no proxecto do escritor.

3. O PROXECTO

CEIBES NO MONTE pretende ser unha mostra integral dunha das manifestacións máis representativas do noso patrimonio.

Esta exposición será o resultado dun traballo colectivo no que vai estar implicada a totalidade da comunidade escolar do Instituto xunto con persoas do mundo da cultura e do movemento veciñal da comarca.

Por tanto, o resultado final recollerá as aportacións de todas estas persoas e ofrecerá en diversos soportes unha visión do conxunto do gando ceibe nos montes da comarca así como unha interpretación do seu significado desde unha perspectiva diacrónica.

3.1. NÚCLEOS DO TRABALLO

□ **HISTORIA E DOCUMENTACIÓN DA PRESENZA DO GANDO EN LIBERDADE EN GALIZA E NO NORTE DE PORTUGAL**

- Investigación
- Documentación
- Sistematización das recollas
- Programación de conferencias de especialistas no centro
- Realización de traballos expositivos, gráficos e audiovisuais

□ **MEDIO NATURAL**

- Coñecemento do territorio
- Investigación
- Saídas ao entorno con actividades de campo
- A adaptación ao medio do cabalo ceibe
- Elaboración de fichas descritivas dos hábitats ecolóxicos onde se desenvolven as greas.
- Mapa dos ecosistemas.

□ **A PROPIEDAD COMUNITARIA DO MONTE**

- Estudo da propiedade comunal do monte.
- As comunidades de montes e o seu papel social.
- Relacións entre as comunidades de montes a as asociacións de propietarios de cabalos.
- Usos do monte relacionados coa presenza da gandería en liberdade.
- Debilidades e fortalezas do monte comunal.

□ **A RECUPERACIÓN DO CABALO DE RAZA GALEGA E OS GARRANOS**

- Características do cabalo de raza galega.
- Os gárranos do Norte de Portugal.
- O labor de recuperación do patrimonio xenético.
- O labor das administracións.

□ **OS CURROS**

- Un labor necesario.
- O calendario dos curros no Val Miñor.
- A festa e a romaría.
- A venda e comercialización.
- O turismo.
- A necesidade de melloras.

□ **OS CABALOS NA LITERATURA GALEGA**

- A pegada na lingua (termos propios na fala da zona).
- Referencias literarias na obra de autores galegos.
- Publicacións divulgativas.
- A presenza na obra de X.L.Méndez Ferrín.

3.2. ÁMBITO E TEMPORALIZACIÓN

A actuación coa comunidade escolar terá unha duración dun curso escolar. Hai que destacar que ao ser o noso centro Escola Promotora do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, desde que o Consello Escolar adoptou, como un dos obxectivos que figuran no Plan de Centro, o estudo, a difusión e a posta en valor do patrimonio cultural da comarca, o proxecto CEIBES NO MONTE será unha das accións que se realicen durante o próximo curso.

Esta acción distribuirase en tres fases coincidindo cos trimestres do curso:

- **1ª FASE : Busca e recompilación de información.**

Durante o primeiro trimestre realizaremos unha recollida de documentación xeral da actividade, primeiro unha recompilación en bibliografía especializada e internet sobre a actividade de cría de gando cabalar en libre estabulación, e logo unha recollida de documentación no entorno xeográfico máis próximo. Para elo realizaremos unha ficha de recollida de documentación para familias e veciños dos nosos alumnos e alumnas onde se recompilen datos sobre a actividade de cría de cabalos no monte: coidados, gastos de mantemento, beneficios, actividades de censado e desparasitación durante os curros, etc. Logo faremos unha recompilación da documentación aportada polas asociacións de montes e de gandeiros dedicados á cría de cabalos e vacas en libre estabulación. Tamén realizaremos enquisas sobre a actividade de cría cabalar para crear unha base de datos sobre a repercusión económica nas familias desta actividade.

- **2ª FASE: Tratamento da información.**

Nesta fase realizaremos unha análise da documentación recompilada mediante o traballo en grupos para procesar a información recollida. Por unha parte realizaremos un estudo xeral na área de Proxecto Interdisciplinar no que traballaremos coa información dun xeito global. Por outra parte utilizaremos as distintas áreas curriculares para estudar a documentación desde distintos puntos de vista:

- **Ciencias Sociais:** para estudar o aspecto etnográfico da cultura da cría cabalar no noso país, as áreas xeográficas máis relevantes da cría, a historia da cultura milenaria desta actividade, etc.
- **Ciencias Naturais e Ciencias Medioambientais:** características e trazos físicos do cabalo de pura raza galega que vive nos montes, impacto medioambiental da cría deste cabalo no monte, beneficios que aporta a cría do cabalo nos montes (prevención dos incendios forestais).
- **FOL:** Formación e Orientación Laboral: impacto na economía familiar desta actividade. Aspectos económicos a ter en conta para realizar unha cría de gando en libre estabulación: gastos veterinarios, seguros, gastos dos curros, beneficios da carne, da asociación de gandeiros, posíbeis subvencións, etc.
- **Matemáticas:** procesamento de datos, elaboración de bases de datos que recollan as cifras económicas da actividade e a súa rendabilidade.
- **Linguas maternas:** utilizadas para procesar e elaborar toda a documentación utilizada durante o proceso de búsqueda e tratamento de información deste proceso.

Durante as sesións de Lingua Castelá e Galega traballaremos cos textos que na previa fase de documentación recompilamos. Tamén utilizaremos estas áreas para editar na terceira fase e elaboración de produtos: artigos para a revista, programas de radio, paneis informativos, etc.

○ **Linguas Estranxeiras:** estudo comparado da cría do noso cabalo con outra cría como o cabalo Percherón francés, ou o mesmo cabalo galego criado nos Estados Unidos (o cabalo *Galiceno* de Texas, que provén da nosa raza galega).

○ **Educación Plástica e Visual:** utilizaremos esta área para a elaboración de ilustracións da exposición, para a elaboración de presentacións multimedia, para a edición de fotografía e vídeo dixital, etc.

○ **Área de Comunicación Audiovisual:** nesta área se traballará a elaboración de produtos que se presentarán na exposición: entrevistas a membros destacados das asociacións de gandeiros de cabalos ceibes, de pais e nais que crían cabalos no monte, de algún membro do goberno da comunidade autónoma responsábel da actividade de cría de cabalos (da Consellería de Agricultura e Pesca, da Consellería de Medio Ambiente, etc.). Vídeos ilustrativos e documentais sobre a cría, os curros, etc. dos cabalos en libre estabulación...

- **3ª FASE: Elaboración de materiais.**

Nesta fase trataremos de producir unha serie de documentos gráficos, multimedia, visuais, sonoros, etc. que divulguen a documentación recompilada nas fases previas, para elo trataremos de producir:

- Documentos escritos coa información recollida sobre a actividade nas familias e o entorno.
- Unha serie de documentos sonoros con entrevistas a membros destacados de asociacións de gandeiros de cabalos en libre estabulación e de representantes de Asociacións de Comuneiros (propietarios dos montes veciñais en man común) que se emitirán por medio de Radio Turonio, a radio escolar do centro). Ademais realizarase un programa especial en forma de reportaxe audiovisual para a programación de Ponte...nas ondas! . coa intención de emitila no programa de Ponte...nas Ondas!
- Elaboración dun vídeo documental que ilustre as actividades de cría e mantemento do gando en libre estabulación, tanto cabalos como vacas ceibes.
- Elaboración de produtos multimedia que sirvan para amosar as diferentes actividades relacionadas coa cultura do cabalo ceibe no monte: cría, desparasitación, censo, mantemento, etc.

-
- Elaboración dun número monográfico da revista escolar que recolla a documentación recompilada durante as fases previas do proxecto e as actividades realizadas no centro durante a posta en práctica do mesmo.

 - Posta en práctica dunha exposición no centro con todos os produtos elaborados mencionados nesta fase do proceso, esta exposición estará a disposición de tódolos membros da comunidade escolar, posto que se fará coincidir no último trimestre do ano escolar coas xornadas de portas de portas abertas que o instituto ofertará a tódolos membros da comunidade escolar e a calquera persoa que queira achegarse ao centro. Esta exposición estará a disposición para calquera centro educativo ou institución que estea interesado en divulgar a información recompilada.

3.3. A EXPOSICIÓN

Aínda que o deseño gráfico e de instalación da exposición non está ultimado, terase en conta que a intención é que a exposición sexa itinerante pola comarca, por tanto destinada a un público diverso e de idades diferentes. A exposición consistirá en :

- Conxunto de 12 paneis impresos en cuatricomía en lona con soportes plegábeis deseñados para a súa fácil instalación e mobilidade.
- Conxunto de vitrinas de metacrilato para expoñer os obxectos e utensilios aportados pola comunidade.
- Soporte de peanas para colocar diversos materiais de ambientación da mostra.
- Pantalla de grande formato para proxectar de forma continua o documental.
- Conxunto de dous ordenadores para a mostra de: Webs de información sobre o tema, CDs con diversos labores relacionados co gando ceibe. Un ordenador para acceder á información de xeito interactivo e para a realización de xogos interactivos con preguntas e cuestións relacionadas. Outro ordenador máis para acceder aos arquivos sonoros e documentación de son recollida.

□ **Obxectos**

Unha mostra de ferramentas e obxectos empregados para as diversas actividades realizadas cos cabalos será incorporada á exposición. Este material está dispoñíbel e será aportado voluntariamente polas familias do alumnado que teñen bestas nos montes.

□ **Ambientación**

Ademais dos obxectos que serán incorporados á exposición, outro tipo de elementos contribuirán a dar visibilidade ao traballo. Estamos a falar da realización dunha maqueta do territorio obxecto deste traballo para situar nela a ubicación das manadas de cabalos así como os diferentes curros.

Tamén se contempla a exhibición do esqueleto dun cabalo para realizar observacións sobre a anatomía destes animais. Diversas familias posúen ademais peles destes animais e obxectos realizados coa súas crins.

Outro elemento que se contempla para exhibir na mostra é a realización dunha presentación dixital sobre o proceso de reprodución e parto dunha egua.

3.4. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADES

Desde o comezo do proxecto CEIBES NO MONTE as comunidades de veciños do entorno do centro consultadas para pedirlle o seu apoio mostraron a súa total disponibilidade para colaborar nos traballos que o alumnado e profesorado, basicamente, deberán desenvolver.

A **ANPA do Instituto** mostrou a súa disposición a contribuír co alumnado para realizar os desprazamentos e contactar coas persoas e colectivos implicados no proxecto.

As **comunidades de propietarios** de cabalos contactadas a través do alumnado do centro tamén se mostraron receptivas e dispostas a realizar os labores que se requiran para contribuír á realización deste proxecto.

A **Mancomunidade de Comunidades de Montes Veciñais** en Man Común do Val Miñor tamén se comprometeu a colaborar na realización das actividades precisas.

As **asociacións de veciños e os centros culturais** das parroquias aceptaron acoller nos seus locais a exposición así como a darlle a maior divulgación entre os seus veciños e asociados.

4. ORZAMENTO DOS TRABALLOS PROGRAMADOS

A colaboración da comunidade educativa e das asociacións que se describen no proxecto contribuirá a evitar un importante gasto na realización dos traballos. Aínda así, considérase que o esforzo orzamentario debe realizarse na montaxe final da exposición dado que esta será o resultado final dun amplo traballo interdisciplinar e colectivo e como tal terá un deseño e un formato semellante ás mostras profesionais.

□ ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO NECESARIO:

- Cámara de vídeo
- Cámara fotográfica réflex
- Trípode e material fotográfico
- Pantalla táctil para obtención de información interactiva
- **ORZAMENTO ESTIMADO 2.700 €**

□ GASTOS DE SAÍDAS AO MEDIO:

- Saídas Departamento Ciencias
- Saídas Departamentos Historia e Lingua Galega
- Saídas fin de semana para filmación
- **ORZAMENTO ESTIMADO 1.600 €**

□ PONENTES E CONFERENCIANTES

- 3 conferenciantes
- **ORZAMENTO ESTIMADO 1.000 €**

□ ADQUISICIÓN DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO E AUDIOVISUAL

- Libros e publicacións impresas
- DVDs e vídeos
- Programas documentais
- **ORZAMENTO ESTIMADO 800 €**

- CONXUNTO DE PANEIS EN FORMATO DISPLAY PARA EXPOSICIÓN
 - 12 Paneis
 - Impresión
 - **ORZAMENTO ESTIMADO12x250=3.000 €**
- DESEÑO E MAQUETACIÓN DO CONXUNTO DA EXPOSICIÓN
 - Traballos de rotulación e maquetación
 - **ORZAMENTO ESTIMADO 350 €**
- EDICIÓN DUNHA REVISTA SOBRE TODO O PROCESO
 - Deseño e maquetación
 - Impresión de 1.000 exemplares
 - **ORZAMENTO ESTIMADO 800 €**
- MATERIAIS DE AMBIENTACIÓN
 - Teas
 - Papeis
 - Cordas
 - **ORZAMENTO ESTIMADO 120 €**

□ **ORZAMENTO TOTAL (ESTIMADO)..... 10.370 €**

DOCUMENTACIÓN ANEXA AO PROXECTO

- Mapas de situación das greas de cabalos e dos curros do Concello de Gondomar respecto do noso centro educativo.
- Mapas de situación dos cabalos e dos curros da comarca do Val Miñor respecto do noso centro educativo.
- Documentación acreditativa da colaboración dalgunha das asociacións que van colaborar no proxecto.

Abril 2008

IES TERRA DE TURONIO
As Gaiandas s/n
36380 GONDOMAR
Tel.: 986 38 40 16 Fax: 986 38 90 86
E-mail: ies.terraturonio.gondomar@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/iesterradeturonio>